



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 14 de abril de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 14 DE ABRIL DE 2023.

ASUNTOS

Información e actas

1. Ratificación da urxencia. 6

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

2. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DA CORUÑA para a cesión dos terreos para a construción dun edificio destinado a escenario virtual e outros servizos financiados con fondos next Generation..... 6
3. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para a cesión gratuita do edificio da Casa da Xuventude, para o seu uso como local de recadación da Deputación, espazo de coworking e usos municipais, e de cofinanciamento das obras de adaptación, redacción do proxecto de rehabilitación e contratación e realización das obras de rehabilitación. 12
4. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de ABEGONDO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a Mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos). 25
5. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CARRAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da seguridade peonil 35
6. Aprobación dun convenio de cooperación co concello de FISTERRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto "Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra (2º modificado) 44
7. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de OZA-CESURAS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do firme da estrada de acceso as parroquias de Cutián, Figueredo, Carrés e Probaos 53
8. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de TRAZO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Conservación camiños Alta e Baixa. 62
9. Aprobación do expediente de contratación da subministración de vehículos con destino ao Parque Móbil da Deputación provincial da Coruña, mediante arrendamento con mantemento ("renting") 71



Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

10. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de Santiago de Compostela, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle /tramo 1(T.M. de Santiago de Compostela) - "Vía Verde_Santiago. Tramo 1" **72**



Acta da sesión extraordinaria e urxente celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 14 de abril de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 14 de abril de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria e urxente.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusada:

Dona Teresa Villaverde Pais	PP
-----------------------------	----

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o viceinterventor xeral, don José María Pérez Alvariño.

Aberto o acto ás 12:33 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



1.- Ratificación da urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, ratifica a urxencia.

2.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DA CORUÑA para a cesión dos terreos para a construción dun edificio destinado a escenario virtual e outros servizos financiados con fondos next Generation.

INTERVENCIÓNS

Sr. Lema Suárez

Moi brevemente. Trátase de motivar a nosa abstención.

Nós estamos en desacordo, e así o expresamos no Concello da Coruña, co estudo de detalle, basicamente porque aumenta a edificabilidade do entorno, reduce zonas verdes, permite o tráfico rodado no interior do ámbito, e tamén porque consideramos que a maneira de proceder neste caso sería ir a unha modificación do PXOM e logo a un estudo de detalle. Pensamos que este xeito de proceder pode dar problemas máis adiante. E, en último lugar, tamén consideramos que urxe a Constitución dese ente de xestión da cidade das TIC para que estes feitos consumados teñan no futuro o debido respaldo legal. É a nosa forma de motivar a abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1.- Aceptar a cesión de uso á Deputación Provincial da Coruña da parcela Z-2.2 definida no ESTUDO DE DETALLE PARA ORDEAMENTO DOS VOLUMES DA CIDADE DAS TIC aprobado definitivamente polo Concello da Coruña na sesión plenaria celebrada o 2 de marzo de 2023, cunha superficie de 5.184 m² situada na Cidade das TIC, para o desenvolvemento do proxecto ECOSISTEMA DIGITAL DEL SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) que inclúe a instalación dun plató virtual, , financiado polo PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU (PRTR)



2.- Aprobar o texto e a formalización dun convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para establecer as condicións da cesión de uso á Deputación Provincial da Coruña da parcela Z-2.2 definida no ESTUDO DE DETALLE PARA ORDEAMENTO DOS VOLUMES DA CIDADE DAS TIC aprobado definitivamente polo Concello da Coruña na sesión plenaria celebrada o 2 de marzo de 2023, cunha superficie de 5.184 m2 situada na Cidade das TIC, para o desenvolvemento do proxecto ECOSISTEMA DIGITAL DEL SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) que inclúe a instalación dun plató virtual, financiado polo PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

Na Coruña, o XX de XXXX de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, en representación da Universidade da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- O día 20 de xullo de 2022, publicouse no Boletín Oficial do Estado número 173 a “Orde ETD/677/2022, do 14 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para o programa de axudas no ámbito da sociedade da información para a creación dun ecosistema dixital no sector audiovisual, e procédese á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2022, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.”

2.- O día 21 de xullo de 2022, publicouse no BOE número 174 o “Extracto da Orde ETD/677/2022, do 14 de xullo, pola que se efectúa a convocatoria de Axudas para o ano 2022 destinadas á creación ou mellora de ecosistemas dixitais no sector audiovisual, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.”

Esta convocatoria ten por obxecto financiar o desenvolvemento, por parte de entidades locais, de proxectos destinados a reforzar as infraestruturas do ecosistema dixital no sector audiovisual facilitando a creación, distribución e manexo da información e a tecnoloxía máis avanzada polas Peme do sector audiovisual, e apoiando a creación de



espazos para a innovación dotados con tecnoloxía avanzada.

3.- Por Resolución do 29 de novembro de 2022 concedeuse á Deputación Provincial da Coruña unha subvención de 5.041.000,00 €, sobre un orzamento total de 6.746.960,00 € con obxecto da creación dun ECOSISTEMA DIXITAL NO SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA). CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO (CEI).

4.- O Ministerio de Defensa con data do 18 de febreiro de 2020, como titular do inmovible denominado Fábrica de Armas, situado na Coruña, cunha superficie de 127.943 m², outorgou unha concesión demanial do citado inmovible a favor da Universidade da Coruña para que, de acordo co prego que rexe esta concesión, se destinase a situar nela, en colaboración con outras institucións públicas e privadas, un polo industrial e tecnolóxico dedicado ás tecnoloxías da información e da comunicación (en diante, Cidade das TIC). A acta de entrega formalizouse con data do 26 de febreiro de 2020.

5.- O prazo de duración da concesión é de VINTE E CINCO ANOS, prorrogables a discreción da Administración por períodos de cinco anos, ata un máximo de cincuenta anos.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña consideran de gran interese que neste espazo da Cidade das TIC se sitúe un estudio virtual dentro do ECOSISTEMA DIXITAL DO SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) como elemento revulsivo e dinamizador do emprego, en especial dentro do sector audiovisual, máxime tendo en conta que a cidade da Coruña foi seleccionada como sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial (AESIA) que tamén suporá un extraordinario foco de I+D+I.

Por medio do estudio virtual as empresas do sector audiovisual de Galicia e doutras comunidades poderán desenvolver cos máis sofisticados sistemas tecnolóxicos a súa creatividade e a produción de grandes películas nas mellores condicións de calidade, innovación e tecnoloxía.

7.- En data 13/01/2023 asinouse entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña o seguinte protocolo:

PROTOCOLO DE INTENCIÓNS ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC E ULTERIOR CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

8.- O ESTUDO DE DETALLE PARA ORDEAMENTO DOS VOLUMES DA CIDADE DAS TIC foi aprobado definitivamente polo Concello da Coruña na sesión plenaria celebrada o 2 de marzo de 2023.

9.- O Ministerio de Defensa, en data 16 de marzo de 2023 autoriza o uso da parcela Z-2 á Deputación Provincial da Coruña, para o desenvolvemento do proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA) # Coruña estudio inmersivo (CEI).

Por todo o exposto, as partes:



ACORDAN

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O convenio ten por obxecto a cesión de uso á Deputación Provincial da Coruña da parcela Z-2.2 definida no ESTUDO DE DETALLE PARA ORDEAMENTO DOS VOLUMES DA CIDADE DAS TIC aprobado definitivamente polo Concello da Coruña na sesión plenaria celebrada o 2 de marzo de 2023, cunha superficie de 5.184 m² situada na Cidade das TIC, para o desenvolvemento do proxecto ECOSISTEMA DIGITAL DEL SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) que inclúe a instalación dun *plató* virtual, , financiado polo PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

Esta iniciativa facilitará a infraestrutura, equipamento e acceso á tecnoloxía e ferramentas dixitais que lles permitan ás empresas do sector audiovisual o desenvolvemento de proxectos innovadores con capacidade para competir a nivel internacional e consolidando tamén a Galicia como un polo audiovisual de referencia a nivel nacional. Con todo trátase de impulsar a creación dunha infraestrutura e a dotación do equipamento dixital necesario para converter a Galicia nun verdadeiro referente, que debe marcar o presente e sobre todo o futuro da competitividade do sector audiovisual galego nos mercados internacionais.

Esta actuación financiada con fondos procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) atópase suxeita ás seguintes normas:

- O Regulamento (UE) 2021/240, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de febreiro de 2021 polo que se establece un instrumento de apoio técnico
- O Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- A Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, *por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014*
- As especialidades en materia de contratación reguladas no Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, de carácter básico (art. 50 réxime excepcional de tramitación urxente), así como, as disposicións que, non tendo carácter básico, serán de aplicación supletoria respecto á materia que se regula.
- A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar as Entidades do Sector Público Estatal Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interés nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



- Así mesmo, está suxeita, en todo caso, ao cumprimento execución e realización dos fitos e obxectivos fixados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, de conformidade coa Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decisión-CID) e estará sometida á plena aplicación dos procedementos e control que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e demais normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como, ás obrigacións específicas relativas á información e publicidade, á verificación e ás demais impostas pola normativa da Unión Europea

- O Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión do 23 de xuño de 2022, e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 125 do 4 de xullo de 2022 e Resolución de Presidencia número 30880/2022 de nomeamento de membros do comité antifraude da Deputación Provincial da Coruña e Resolución da Presidencia número 34223/2022, do 4 de agosto de 2022, pola que se designan o presidente e o secretario do comité anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (cadecor).

- Así mesmo estará suxeito ás normas de desenvolvemento que se aproben, no que resulte aplicable a este procedemento.

II.- CONDICIÓN DA CESIÓN DOS TERREOS.

1.- Os espazos cedidos non poderán ser utilizados, arrendados ou cedidos a terceiras persoas sen autorización expresa, previa e por escrito da UDC e do Ministerio de Defensa, de acordo co establecido no prego de condicións particulares que rexen a concesión demanial a favor da Universidade da Coruña para a xestión das instalacións da Fábrica de armas da Coruña, asinado o 18/02/2020.

2.- Os espazos incluídos nesta cesión non poderán ser destinados a un uso distinto do establecido na cláusula primeira.

3.- A Deputación da Coruña comprométese a manter no seu debido estado de conservación todos os bens, móbeis e inmóbeis, incluídos na cesión, respondendo dos danos, desperfectos ou deterioración que exceda a que derive do seu uso normal.

4.- A Deputación da Coruña asumirá a plena responsabilidade polos danos causados a persoas e bens derivados do desenvolvemento da súa actividade.

Para tal efecto, subscribirá o correspondente seguro de responsabilidade civil por danos. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

5.- Os gastos propios do espazo cedido (consumos de auga, electricidade, combustíbel para calefacción, teléfono etc. ou de calquera outro servizo que se puidese medir por contador e sexa imputábel directamente ao uso do espazo) serán satisfeitos pola Deputación da Coruña.

Para estes efectos, a entidade cesionaria deberá levar a cabo os correspondentes cambios de titularidade das subministracións durante o tempo que dure a cesión. Estarán ao seu cargo os gastos que orixine o citado cambio así como a instalación, a conservación e a substitución dos respectivos contadores e demais elementos necesarios das instalacións, nas condicións esixidas en cada momento polas distintas compañías subministradoras.



Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

6.- Os gastos comúns dos espazos na Cidade das TIC (consumos de auga, electricidade, combustible para calefacción, seguridade, limpeza, mantemento xeral, publicidade etc.) serán satisfeitos proporcionalmente pola entidade cesionaria, segundo a súa participación no conxunto do espazo, desde o momento en que lle foren cedidas as instalacións. Estes gastos calcularanse anualmente tendo como referencia os gastos comúns en que incorrese a UDC, aínda que sen exceder os prezos de mercado, e imputaráselle á entidade cesionaria en función do espazo ocupado.

En todo caso, o importe máximo anual non excederá de 4 € por m² anuais, incrementados co IVE correspondente, e actualizado anualmente co Índice de prezos ao consumo, segundo as normas vixentes ao respecto, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

7.- Serán por conta da Deputación da Coruña os tributos de calquera tipo que graven os espazos obxecto de cesión ou a actividade que neles se desenvolva, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente..

8.- A UDC e o Ministerio de Defensa deberán autorizar con carácter previo a realización das obras necesarias para a adecuación do espazo ás necesidades da actividade que se vai desenvolver nel.

Para estes efectos a entidade cesionaria deberá presentar un proxecto detallado.

9.- A Deputación da Coruña comprométese a cumprir os procedementos da Cidade das TIC relativos ao acceso e uso das instalacións e recursos comúns recollidos no seu sistema de xestión da calidade.

10.- A Deputación acepta a cesión de uso nas condicións anteriormente expresadas.

III.- VIXENCIA

A vixencia da cesión e do presente convenio será de 25 anos dende a formalización do presente convenio. A estes efectos a sinatura do presente convenio xurde os efectos de acta de entrega.

A vixencia prorrogarase expresamente por períodos de cinco anos, salvo que o Ministerio de Defensa non prorrogase a concesión

No suposto de non prorrogarse, ou finalizado o prazo da cesión a Deputación e a Universidade firmarán a correspondente acta de finalización da cesión coa correspondente reversión á Universidade do conxunto do construído.

IV.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para coordinar as actuacións derivadas da execución e aplicación do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes por cada unha das institucións asinantes do presente convenio designados polos seus respectivos presidentes.

V.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución o incumprimento grave das cláusulas previstas no presente convenio.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."



3.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para a cesión gratuita do edificio da Casa da Xuventude, para o seu uso como local de recadación da Deputación, espazo de coworking e usos municipais, e de cofinanciamento das obras de adaptación, redacción do proxecto de rehabilitación e contratación e realización das obras de rehabilitación.

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días a todos y a todas, compañeras y compañeros de Corporación.

Realmente este es el segundo Pleno extraordinario que vamos a celebrar a lo largo de este mandato, segundo, el primero fue para celebrar el bicentenario de la constitución de esta institución, lo cual nos parecía obviamente un momento de celebración y la oportunidad de celebrar este Pleno. Y el segundo pues realmente es este y nosotros nos preguntamos realmente la premura de la convocatoria ayer, en el día de ayer, para la celebración de la Comisión ayer y de un día para otro la celebración de este Pleno. Realmente, no acabamos de entender la urgencia ni lo extraordinario de la celebración de este Pleno.

Hoy trae aquí un convenio con el Ayuntamiento de Santiago, a 45 días de la celebración de las elecciones municipales, respecto a la Casa da Xuventude de Santiago, un convenio que ha sido aprobado en la Junta de Gobierno Local de Santiago de Compostela sin pasar refrendo plenario; bien sé que no es necesario, por la ley de las grandes ciudades, que pase refrendo plenario, pero un acuerdo –repito– aprobado por la Junta de Gobierno, en la que entendemos que, si bien legalmente no tengo ninguna duda de la legalidad de este tema, entendemos que éticamente y la oportunidad del mismo tenemos serias dudas de esta cuestión.

Pero digo esto porque esto creemos que es un convenio fruto del nerviosismo en el que está instalado su partido en la ciudad de Santiago y es un convenio que trae consigo generar un titular de prensa en el día de mañana, en la clara operación de salvar al soldado Bugallo en la que están ustedes instalados. Desde luego, desde el Partido Popular hemos dejado claramente y por manifiesto que nuestro compromiso claro, inequívoco y rotundo es que a partir del mes de junio, cuando Borja Vereza sea alcalde Santiago, la Casa da Xuventude de Santiago va a ser derribada; esto simplemente es un trámite que nos obligará a revertir el objeto de este convenio para posteriormente derribar esta infraestructura con el objeto claro de abrir el parque de Belvís a la ciudad de Santiago y a sus ciudadanos. Pero no solo es esto, el BNG en el día de ayer en Santiago de Compostela ha anunciado que coincide con esta visión, también quiere abrir el parque de Belvís a la ciudad, nunca es tarde si la dicha es buena, los compañeros del BNG de Santiago. Pero hasta incluso Compostela Aberta ya ha anunciado que, si bien no quiere derribar el inmueble, en ningún caso quiere que éste sea cedido a la Diputación Provincial.

Es decir, nueve concejales de los veinticinco que conforman la Corporación de Santiago de Compostela quieren firmar este convenio y dieciseis de los veinticinco no estamos de acuerdo.

Yo, señor presidente, le pido, por favor, que retire este punto del orden del día. Este es un tema que tiene que abordar la próxima Corporación Municipal de Santiago, la elegida por los ciudadanos libremente dentro de 45 días en las urnas y también la próxima Corporación Provincial, retire usted el punto. Lo que decía ayer la señora



Sanmartín en Santiago, es absurdo lo que están haciendo. Obviamente, como concejal de Santiago, estoy completamente de acuerdo en que se aporte un millón de euros en un convenio a Santiago de Compostela, ¿cómo no? Pero hace poco en un pleno de Santiago negociamos y hablamos de que no hay dinero suficiente para abordar el abastecimiento y saneamiento de la parroquia de O Eixo. ¿Por qué no puede ir este millón de euros para esto? Nadie dudaríamos del efecto de esto.

Se equivoca, señor Presidente, se equivoca. No valen los anuncios y las visitas a última hora a Santiago, si con carreras, o andanzas, o propuestas de este tipo creo que se están ustedes equivocando, este es un grave error y la ciudad de Santiago así lo manifestará con claridad el próximo 28 de mayo.

Nada más, por supuesto vamos a votar en contra. Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Dada a petición de retirada do punto da orde do día, eu antes de proceder á votación simplemente contestar unha cousa. A urxencia deste Pleno vén motivada principalmente polo primeiro punto da orde do día, que é que temos concedida unha subvención de preto de 6 millóns de euros do Ministerio de Economía para implementar na cidade das TIC, ese magnífico proxecto onde estamos todas as administracións e liderado pola alcaldesa da Coruña, onde claramente aproveitamos unha ocasión da man do Clúster Audiovisual para xerar unha oportunidade de produción a todo ese mundo do audiovisual galego, que se conta por centos de persoas, por miles de persoas que teñen talento e creatividade, e crean moito emprego nun sector que ten cada vez máis proxección a nivel mundial coas plataformas dixitais. Por iso a premura de celebración deste Pleno para a aprobación deste punto da orde do día.

Agora, como é evidente, como soe pasar sempre nas institucións democráticas normais, dentro do normal funcionamento, aproveitamos a convocatoria, que ten un custo económico, porque os que estamos aquí sentados cobramos por vir a este Pleno e aproveitamos, dentro do normal funcionamento dunha Administración pública, para incorporar outros puntos na orde do día que, loxicamente, levan tramitándose dende hai de tempo. Concretamente, este punto do que pide o Partido Popular a súa retirada leva tramitándose desde xuño do ano 2022, xuño de 2022. E, polo tanto, esta Corporación é tan democrática como a seguinte Corporación que veña, está en pleno funcionamento democrático e, se non está xustificada a urxencia neste punto e se non é democrático que esta Corporación decida sobre esta cuestión, tampouco será, Sr. Ben, e haberá que pedir a retirada da orde do día Pleno a aprobación dos seguintes convenios que vou citar a continuación, que, segundo o teu punto de vista, tamén habería que retirar: convenio co Concello do Oza-Cesuras para unha subvención para cofinanciar unhas obras de mellora do firme da estrada de acceso ás parroquias de Cutián, Figueredo, Carrés e Probaos, que entendo que non haberá que esperar, se queres, suspendemos o Pleno e preguntámoslle ao alcalde de Oza-Cesuras se quere que esperemos a que a nova Corporación democrática decida sobre ese convenio. Pero tamén podemos falar do convenio entre a Deputación e o Concello de Abegondo, que vai aquí, polo que imos financiar a mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba e Fontao, en Meangos. Eu entendo que podemos suspender o Pleno e esperar a que o alcalde de Abegondo decida se quere que retiremos este punto da orde do día porque entendo que esta Corporación non está lexitimada democraticamente para acordar este punto. Pero tamén podemos falar do Concello de Trazo, ao cal imos financiar obras de conservación en camiños de Alta e Baixa; e falamos de Carral, onde tamén imos financiar as obras da mellora da seguridade peonil. E así en varios puntos onde entendemos que a normalidade democrática significa que ata que a lei nos diga que non podemos aprobar este tipo de puntos non o imos facer.



Eu creo que nesta casa tivemos sempre a prudencia de non incorporar aquí debates que son doutras institucións. Nunca discutimos os proxectos que outros concellos plantexan nesta casa; se os aprobamos, aprobámoslos, e solémolo facer por unanimidade. Polo tanto, dende o noso punto de vista non se vai aprobar, dende o noso voto non vai ser favorable á retirada dese punto da orde do día, pero en calquera caso imos sometelo a votación.

Si, si.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Te agradezco que me permitas este turno, porque soy consciente de que tienes el turno de cierre y nadie lo discute y te lo agradezco expresamente.

Mira, hay una diferencia fundamental en lo que has comentado. La diferencia fundamental es que estos convenios se vienen tramitando desde hace dos años y medio, y en algún caso más; dos años y medio esperando por estos convenios, dos años y medio, papelito aquí, papelito allá. Y todos ellos han pasado por un acuerdo plenario, por cierto con el voto favorable de tu partido en todos estos ayuntamientos.

Estas cuestiones, o sea, no podemos mezclar ni distorsionar las cuestiones pensando..., porque no es verdad, no es lo mismo. En este caso estáis solos, os estáis equivocando y este tema que se está empezando a instrumentar desde junio, tengo serias dudas de que esto sea así. Como nosotros no tenemos acceso al acuerdo de la Junta de Gobierno de Santiago, pero desde junio del año pasado, ya te digo yo, presidente, seguramente no digo que mientas, nunca lo diría, pero igual seguramente estés confundido y las fechas no sean esas. En todo caso, no vamos a aceptar este argumento porque no es sólido, y la pregunta es: ¿ahora qué vamos a votar?, la retirada, en primer lugar, ¿no? Vale.

Sr. Fernández Piñeiro

Falando de tempos de tramitación de expedientes, teño dous aquí. Un deles, unha subvención nominativa, un convenio nominativo do Concello de Touro, que se solicita por parte do Concello o 8-6-2022 e que foi no expediente de modificación de crédito do 24 de febreiro do 2023. Teño outro de Ribeira, do 26-9-2022 a petición, e que foi tamén no modificativo antes do Pleno de hoxe. Hai outro de Lousame, do 28-6, non está hoxe aquí a alcaldesa, pero do 28-6-2022, que tamén foi no modificativo que se aprobou antes do Pleno de hoxe; e tamén o de Rois, que é do 9-5-2022, que se aprobou nun Pleno antes do día de hoxe.

Polo tanto, se os hai posteriores ao de Santiago que se aprobaron con anterioridade e ese argumento non se utilizou, por que se utiliza neste caso? Penso que o nerviosismo está dese lado da bancada non deste, sinceramente, porque ademais, como vostede dubidaba de se fora o 22, pois mire: o 22-6-2022 o persoal do Servizo Provincial de Asistencia Técnica a Municipios visitou a Casa da Xuventude xunto co arquitecto municipal para realizar unha análise previa da súa adecuación aos usos dotacionais, o 22-6-2022; polo tanto, lévase tramitando efectivamente, que vostede non o cree, pero pódelles preguntar aos Servizos de Asistencia aos Municipios, que están aí arriba, non ten ningún tipo de problema, con data 1-7-2022 a unidade xestora realizou a petición de colaboración aos Servizos de Asistencia aos Municipios. Por tanto, si que se leva tramitado desde xuño. Que pasa? A vostedes non lles gusta o proxecto de Santiago?, pero é un problema seu. Que deciden uns concelleiros sobre outros? Oia, iso é totalmente democrático, vostede mesmo o dixo, a lei de grandes cidades establece que o acordo é da Xunta de Goberno. Se imos estar aquí cuestionando cada dous por tres os acordos que veñen dos concellos, que son totalmente legais e democráticos, entramos



nunha dinámica que penso que non é a máis axeitada. En todo caso, vostede trae aquí unha cuestión do seu Concello, paréceme moi ben, con toda esa exposición de motivos do señor Jorge Vereas, e todo o que vostede queira, pero polo tanto... –ou como se chame, non me acordo agora do nome de pila–, pero en todo caso quen ten que decidir quen vai ser o alcalde de Santiago van ser os cidadáns de Santiago, non adiantemos acontecementos. Polo tanto, esta é a Deputación Provincial da Coruña, aquí non debatemos cuestións locais, sería ben que as deixáramos onde temos que deixalas, que é nos concellos, cada un co seu nerviosismo fronte aos procesos electorais que vaiamos ter. Dende logo, pola nosa parte pódeme crer que estamos moi tranquilos, porque, de non estalo, como ben comentaba antes o presidente, hai convenios nominativos de concellos do Partido Popular que se van aprobar hoxe e outros que, como dixen, se aprobaron con anterioridade, que non se levarían. Por tanto, o seu argumento cae como un castelo de naipes. Pois fágano vostedes mirar, a ver cal é o problema que teñen vostedes en Santiago. Dende logo nós non o temos, ata temos a lista pechada, que outros non poden dicir o mesmo.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Vamos proceder á votación da retirada do punto da orde do día, proposta polo Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 11 deputados/as (PP)

Votan en contra: 19 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 2 do PP, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Presidente

Moi ben, procedemos entón á votación do punto, se non hai ningunha intervención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría absoluta, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, o voto en contra do PP e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para a cesión gratuíta do edificio da casa da xuventude, para o seu uso como local de recadación da Deputación, espazo de coworking e usos municipais, e de cofinanciamento das obras de adaptación, redacción e aprobación do proxecto necesario para a rehabilitación e a posterior contratación da realización das



obras de rehabilitación.

2.- ACEPTAR a cesión de uso gratuita á Deputación Provincial da Coruña, do edificio da Casa da Xuventude, sito na Rúa Matadoiro 4, 15703 Santiago de Compostela, con referencia catastral 7778793NH3477H0001ME, polo Concello de Santiago de Compostela, CIF P1507900G, para establecer un CENTRO DOTACIONAL MULTIUSOS da Deputación que albergará as súas oficinas de recadación, actividades e servizos da súa competencia e usos institucionais da Deputación na cidade de Santiago, e coa obrigaón de redactar un proxecto técnico de rehabilitación e contratar e realizar as obras de rehabilitación aprobadas.

3.- Condicionar a eficacia do convenio aprobado á entrada en vigor da correspondente habilitación orzamentaria provincial.

4.- Aceptar a encomenda para a contratación do proxecto de rehabilitación do edificio da antiga Casa da Xuventude da Santiago de Compostela, e contratar e executar as obras de rehabilitación aprobadas.

5.- Contratar a redacción do proxecto técnico “Rehabilitación do edificio da antiga Casa da Xuventude de Santiago de Compostela para o seu uso como local de recadación da entidade provincial, coworking e usos municipais”, que deberá adaptarse ás dispoñibilidades orzamentarias que se indican a continuación, incluíndo un programa de traballo plurianual:

ENTIDADE	ANUALIDADE			TOTAIS %
	2023	2024	2025	
Deputación da Coruña	986.600,00 €	0,00 €	0,00 €	986.600,00 € 73,2660 %
Concello de Santiago	0,00 €	250.000,00 €	110.000,00 €	360.000,00 € 26,7340 %
Totais	986.600,00 €	250.000,00 €	110.000,00 €	1.346.600,00 € 100,00 %

6.- Asumir os gastos correntes dos servizos e subministracións correspondentes ás áreas do edificio da antiga Casa da Xuventude que utilice a deputación da Coruña, adoptando para iso as medidas oportunas para a súa individualización.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CESIÓN GRATUITA DO EDIFICIO DA CASA DA XUVENTUDE, PARA O SEU USO COMO LOCAL DE RECADACIÓN DA DEPUTACIÓN, ESPAZO DE COWORKING E USOS MUNICIPAIS, E DE COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ADAPTACIÓN, REDACCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN E CONTRATACIÓN E REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN

En A Coruña, de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.



REUNIDOS

Dunha parte, Don/Dona _____, en representación da Deputación da Coruña,

e doutra parte, Don/Dona Santiago de Compostela____, en representación do Concello de

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste CONVENIO e, a tal efecto,

EXPOÑEN

A Deputación precisa dispor dun local en Santiago de Compostela destinado a oficina de recadación que poida atender adecuadamente e nas mellores condicións aos cidadáns comprendidos no ámbito de actuación da zona de recadación de Santiago.

Así mesmo, a Deputación está realizando un esforzo para a creación, potenciación e posta en marcha dunha rede de coworking e considerando que a cidade de Santiago de Compostela é un lugar idóneo para situar unha sede.

Ademais diversas actividades, culturais, educativas, de servizos sociais e de representación fan moi necesario dispor dun local nunha cidade tan representativa como é Santiago de Compostela.

Ambas partes consideran fundamental colaborar para que a Deputación poida atender as súas necesidades e o Concello mellorar a disposición de espazos municipais en aras á mellor prestación dos servizos competencia de ambas institucións.

A estes fins, o Concello de Santiago de Compostela é o titular do edificio da Casa da Xuventude, sito na Praza do Matadoiro 4, 15703 Santiago de Compostela, con referencia catastral 7778793NH3477H0001ME. Na actualidade este edificio está en desuso e precisa dunha rehabilitación integral para evitar un maior deterioro e que poida ser utilizado tanto pola Deputación como polo Concello de Santiago de Compostela e así potenciar o seu uso público.

En base ao exposto deberán de mutuo interese formalizar o presente convenio consonte ás seguintes cláusulas:

1 OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a cesión de uso gratuíta á Deputación da Coruña do edificio da Casa da Xuventude, sito na Rúa Matadoiro 4, 15703 Santiago de Compostela, con referencia catastral 7778793NH3477H0001ME, polo Concello de Santiago de Compostela, CIF P1507900G, para establecer un CENTRO DOTACIONAL MULTIUSOS da Deputación que albergará as súas oficinas de recadación, actividades e servizos da súa competencia e usos institucionais da Deputación na cidade de Santiago, e coa obrigación de redactar un proxecto técnico de rehabilitación e contratar e realizar as obras de rehabilitación aprobadas, así como a cofinanciación e réxime de utilización do citado inmovible.



2 CONDICIÓNS DA CESIÓN

2.1. Afectación permanente de destino:

Durante o tempo que dure a cesión de uso, a Deputación da Coruña só poderá destinar o inmovible cedido a edificio institucional e centro dotacional multiusos da mesma, no que situará o edificio institucional en Santiago e onde prestará de forma permanente servizos institucionais, de recadación e outros servizos ou actividades relacionadas coas súas competencias no eido cultural, educativo e de servizos sociais, ou coa formación de empregados públicos; ou relacionadas co desenvolvemento de iniciativas de reactivación e potenciación da actividade económica na cidade de Santiago.

Dado que a afección é permanente, a Deputación non poderá telo en desuso nin destinalo, nin sequera provisionalmente, a usos distintos dos sinalados, salvo que conte con autorización expresa do Concello. O Concello de Santiago verificará a aplicación do inmovible ao destino para o que foi cedido en uso, podendo adoptar para estes efectos cantas medidas sexan necesarias. De incumprirse esta condición, producirase a resolución da cesión nos termos que mais adiante se dirán.

2.2. Prohibicións:

A Deputación da Coruña non poderá gravar o uso do espazo cedido. Non poderá deslindar, amolloar o inmovible, nin reivindicalo para si e non poderá adquirir por accesión ningún elemento do mesmo.

2.3. Obras de rehabilitación e adecuación: realización, financiamento e prazos:

Todas as obras que se realicen no edificio Casa da Xuventude quedarán en beneficio do mesmo e da propiedade (Concello de Santiago). Ademais, as obras de rehabilitación e adecuación deberán estar rematadas e a dotación posta en marcha no prazo de dous anos a contar desde a concesión da licenza, salvo causa xustificada que se someterá á Comisión de Seguimento que se constitúa. De incumprirse este prazo de dous anos, producirase a resolución desta cesión de uso nos termos que mais adiante se dirán, agás que, previa solicitude da Deputación, se acordase polo Concello, antes do remate do prazo, unha ampliación do mesmo debidamente xustificada

2.4.-Programa de actuacións e prazo de duración da cesión de uso:

2.4.1. Posta a disposición

O Concello de Santiago porá a disposición da Deputación o inmovible unha vez formalizado o presente convenio.

2.4.2. Toma de posesión

A Deputación, nun prazo máximo de tres meses a contar dende a formalización do presente convenio deberá tomar posesión do mesmo.

2.4.3. Inicio contratación da redacción do proxecto

De igual modo a Deputación dentro do devandito prazo de tres meses a contar dende a formalización do convenio deberá iniciar a contratación da redacción do proxecto.

2.4.4. Informe de supervisión

Así mesmo, unha vez redactado o proxecto, o Concello deberá emitir informe de supervisión ao proxecto, no suposto de que o informe fose desfavorable, a Deputación deberán remitir o proxecto corrixido no prazo dun mes desde o requirimento salvo xustificación, e o concello realizará os trámites para a súa aprobación no mes seguinte salvo causa xustificada,

2.4.5. Licenza

Unha vez emitido informe favorable de supervisión, o Concello deberá emitir a



correspondente licenza.

2.4.6. Encomenda da contratación das obras

A Deputación, por encomenda do Concello, contratará as obras no prazo máximo de 6 meses dende a concesión da licenza por parte do Concello.

2.4.7. Prazo de execución das obras

As obras deberán estar finalizadas e recibidas nun prazo máximo de 2 anos a contar dende a concesión da licenza por parte do Concello, salvo que sexa preciso prorrogalas por causas debidamente xustificadas e polo tempo estrictamente necesario.

2.4.8. Inicio do cómputo da cesión de uso

Unha vez finalizadas as obras formalizarase a correspondente acta de recepción, circunstancia que se comunicará ao Concello, data a partir da cual empezará a computarse o prazo de 25 anos da cesión de uso do inmovible á Deputación.

Logo de transcorrer o prazo a adscrición quedará automaticamente extinguida e a posesión reverterá automaticamente no Concello, no entanto o Concello poderá subscribir a correspondente acta de toma de posesión.

O prazo de vixencia deberá cumprir cos requisitos establecidos no art. 49 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público e o art. 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais normativa vixente que lle sexa de aplicación.

3 EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E FINANCIAMENTO

A Deputación da Coruña actuará como promotor das obras de rehabilitación do edificio denominado Casa da Xuventude propiedade do Concello de Santiago de Compostela e situado na Praza do Matadoiro numero 4, en base ao proxecto construtivo que se aprobe.

O orzamento estimado total para a actividade a desenvolver é o seguinte:

TIPO DE CUSTO	IMPORTES
Execución da Obra	1.346.600,00 €
Concurso proxecto construtivo e Dirección de Obra	71.212,43 €
Seguridade e Saúde	11.315,97 €
Control de calidade	11.315,97 €
CUSTO TOTAL	1.440.444,37 €

As achegas que comprometen as dúas entidades para a realización da actividade serán as seguintes:

TIPO DE CUSTO	IMPORTES	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	% ACHEGA	CONCELLO DE SANTIAGO	% ACHEGA
Execución da Obra	1.346.600,00 €	986.600,00 €	73,2660	360.000,00 €	26,7340



Concurso proxecto construtivo e Dirección de Obra	71.212,43 €	71.212,43 €	100,00	---	---
Seguridade e Saúde	11.315,97 €	11.315,97 €	100,00	---	---
Control de calidade	11.315,97 €	11.315,97 €	100,00	---	---
TOTAIS	1.440.444,37 €	1.080.444,37 €	75,0077	360.000,00 €	24,9923

Redacción do proxecto:

A Deputación da Coruña contratará a redacción do proxecto e aboará os gastos que diso se deriven.

Supervisión e aprobación do proxecto:

A Deputación Provincial da Coruña remitirá o proxecto de execución das obras ao Concello de Santiago de Compostela para a súa supervisión. No suposto de que o informe fose desfavorable, a Deputación deberán remitir o proxecto corrixido no prazo dun mes desde o requirimento salvo xustificación, e o concello realizará os trámites para a súa aprobación no mes seguinte salvo causa xustificada .

Financiamento e orzamento das obras:

O orzamento base de licitación das obras de rehabilitación da Casa da Xuventude estimouse en 1.346.600,00€, IVE incluído.

A Deputación Provincial da Coruña financiará o custe da rehabilitación no 73,2660% O Concello de Santiago de Compostela financiará o custe da rehabilitación no 26,734%

Para o ano 2023 o Concello de Santiago de Compostela non ten que facer ningunha achega polo que non consta aplicación orzamentaria nin operación contable a tal fin .

A achega da Deputación da Coruña financiarase con cargo á partida orzamentaria 0520/93391/64002.

As anualidades estarán sometidas ás correccións que procedan no sentido da planificación e progreso das obras, a solicitude de cada unha das partes, sometida á Comisión de Seguimento e por acordo de cadanseu órgano competente previa fiscalización de cada Intervención.

O financiamento dos modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias de contido económico que xurdan durante a execución das obras e referidas ao contrato de obra e o seu orzamento, sempre que estean debidamente xustificadas, financiaranse na mesma proporción por ambas as dúas administracións.

Ambas as administracións incluírán en cada orzamento anual crédito axeitado e suficiente na aplicación oportuna polo importe correspondente á execución das obras e, no caso da Deputación da Coruña para a redacción do proxecto, a dirección de obra e de execución e o control de calidade, vixilancia e coordinación de seguridade e saúde das obras.

Contratación das obras:

A Deputación da Coruña realizará a contratación das obras de rehabilitación de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

Comité de expertos:



No comité de expertos encargado de emitir o informe sobre os criterios de adjudicación avaliados mediante xuízo de valor formará parte un técnico designado polo Concello de Santiago.

Adjudicación das obras:

A Deputación comunicará ao Concello de Santiago de Compostela a adjudicación das obras e a formalización do contrato.

Dirección das obras:

A contratación da dirección das obras corresponderá á Deputación da Coruña, desenvolverase baixo a supervisión do seu propio persoal técnico e non suporá, en ningún caso, gasto para o Concello.

Coordinación da seguridade e saúde:

A contratación da coordinación corresponderá a Deputación da Coruña e aboará os gastos que diso se deriven.

Control de calidade:

A contratación do control de calidade da obra corresponderá a Deputación da Coruña que abonará os gastos que diso se deriven.

Certificacións de obra e abono da achega do Concello de Santiago:

As certificacións mensuais que emita o director de obra e aprobadas polo órgano de contratación serán remitidas dentro dos cinco días seguintes á súa aprobación ao Concello de Santiago para que proceda a abonar o coeficiente de financiamento correspondente.

Modificacións:

As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos artigos 204, 205 e 242 da LCSP.

A estes efectos o órgano de contratación remitirá ao Concello de Santiago o proxecto modificado a efectos da súa supervisión.

No suposto de que o informe fose desfavorable, a Deputación da Coruña realizará os trámites para a súa corrección.

Unha vez que o proxecto conte co informe favorable do concello de Santiago a Deputación procederá a aprobación do proxecto modificado requirindo a previa existencia de crédito adecuado e suficiente dos entes financiadores de acordo cos coeficientes de financiamento aprobados.

Recepción da obra:

A Deputación da Coruña notificará cunha antelación de dez días como mínimo, a data prevista da acta de recepción para que poida asistir un técnico do Concello de Santiago de Compostela se así se considera.

A acta de recepción asinarase pola Deputación e o Concello. O técnico municipal elaborará informe de conformidade coa recepción. De presentar algún elemento disconforme a Deputación deberá procedera realizar as actuacións que correspondan



para obter o carácter favorable da valoración técnica municipal .

Certificación final:

A Deputación remitirá a certificación final da obra aprobada polo órgano de contratación dentro dos cinco días seguintes á súa aprobación ao Concello de Santiago de Compostela para que proceda a abonar o coeficiente de financiación correspondente previa existencia de crédito adecuado e suficiente.

Revisión de prezos:

No suposto en que proceda a revisión excepcional de prezos a Deputación remitirá ao Concello de Santiago de Compostela a resolución de aprobación da revisión de prezos nos cinco días seguintes á súa aprobación ao Concello de Santiago de Compostela para que proceda a aboar o coeficiente de financiamento correspondente previa verificación de que se cumpren os requisitos indicados na normativa de revisión de prezos e existencia de crédito adecuado e suficiente.

Entrega á Deputación:

Unha vez recibidas as obras formalizarase unha acta de entrega da obra rematada.

4 RÉXIME DE USO

Establécense as seguintes condicións de cesión do inmovible á Deputación:

Utilización de planta baixa:

A planta baixa do edificio, destinarase a local de recadación da Deputación as zonas de acceso e espazos comúns serán de uso compartido das dúas administracións.

Utilización do primeiro andar:

O primeiro andar do edificio destinarase a espazo de coworking e outros usos da Deputación, as zonas de acceso e espazos comúns serán de uso compartido das dúas administracións .

Utilización do segundo andar:

O segundo andar destinarase a uso municipal, para a prestación de servizos municipais á cidadanía.

Utilización do Auditorio existente:

O auditorio existente (que actualmente ten acceso dende todas as plantas do edificio) será un elemento de uso compartido pola Deputación e o Concello, debendo conservar a posibilidade de acceso dende os espazos comúns na planta baixa, primeira e segunda a fin de posibilitar o uso efectivo por parte das dúas administracións locais.

Mobiliario e equipamento informático:

- O mobiliario así como o equipamento informático e administrativo e as subministracións da planta baixa e do primeiro andar serán a cargo da Deputación Provincial.
- O mobiliario así como o equipamento informático e administrativo e as subministracións do segundo andar serán a cargo do Concello de Santiago de



Compostela.

Seguro de bens:

O Concello de Santiago de Compostela aboará os gastos do seguro de bens do edificio.

Tributos:

O pago dos tributos relativos ao citado local serán por conta da Administración á que legalmente corresponda segundo o feito imponible.

Obras futuras de adaptación ou reforma:

A cesión inclúe as autorizacións necesarias por parte do concello de Santiago para a realización das obras e os usos previstos. Sen prexuízo do cumprimento do previsto no artigo 147 da Lei do Solo de Galicia en canto á solicitude e obtención de licenza.

O Concello de Santiago de Compostela autoriza desde a perspectiva demanial á Deputación da Coruña a realizar, durante a vixencia da cesión, todas as obras que estime necesarias cos requisitos que legalmente corresponda nos termos do disposto na Lei do Solo de Galicia para a adaptación, reforma, conservación e mantemento do edificio cedido, así como das súas instalacións, cuxos gastos abonará a Deputación Provincial, previa a correspondente tramitación administrativa consonte á normativa reguladora da contratación administrativa e de gasto público.

Rotulación e sinalización:

A Deputación Provincial poderá instalar na fachada do inmovible, así como na zona de acceso ao interior do edificio, os rótulos correspondentes indicativos do local de recadación e do espazo de coworking para facilitar o acceso á cidadanía obtendo as autorizacións procedentes.

Mantemento e conservación

Corresponde á Deputación da Coruña facerse cargo do mantemento e conservación do edificio na súa integridade polo que se obriga a mantelo e conservalo durante todo o tempo que dure a cesión de uso, asumindo a realización e custo das obras e das xestións que foran necesarias para mantelo nas adecuadas condicións. Ademais ao remate da cesión a Deputación da Coruña deberá entregalo ao Concello en perfecto estado de conservación e nas condicións adecuadas de uso, polo que o Concello fará previamente inspeccións ao mesmo, facendo despois, no seu caso, os oportunos requirimentos a Deputación que deberán ser atendidos por esta .

A Deputación da Coruña correrá con todos os gastos correntes e de mantemento que xere o inmovible cedido en uso durante o tempo que dure a mesma.

Corresponde a Deputación o exercicio das facultades de administración, xestión, conservación e colaboración na súa protección e defensa.

5 EXISTENCIA DE CRÉDITO

Ambas as dúas administracións deben realizar as operacións orzamentarias que correspondan para o cumprimento das obrigas correspondentes a cada exercicio,



procedendo ao seguimento orzamentario das condicións establecidas neste acordo .

6 FORMALIZACIÓN DA ENTREGA DA POSESIÓN :

O Concello e a Deputación subscribirán acta de entrega da posesión do inmovible obxecto de cesión de uso no prazo de 3 meses a contar dende a formalización do presente convenio. De non cumprirse este requisito, salvo causa xustificada que valorará o Concello de Santiago, a cesión de uso quedará sen efecto podendo o Concello dispoñer libremente do inmovible.

7 CAUSAS DE RESOLUCIÓN

A causa normal de terminación da presente cesión de uso é o cumprimento do prazo non obstante tamén poderá extinguirse ou resolverse anticipadamente por calquera das seguintes causas:

- 1 Se o inmovible obxecto de cesión de uso non fose destinados ao fin previsto dentro do prazo establecido para a posta en marcha da dotación.
- 2 Cando aínda que destinado inicialmente aos fines previstos deixase de selo posteriormente por prazo superior a seis meses.
- 3 Incumplimento de calquera outra das condicións establecidas no acordo de cesión de uso.
- 4 Cando o inmovible deixe de ser necesario para cumprir os fins que motivaron a cesión de uso

No caso de resolución por incumplimento das condicións da presente cesión de uso o Concello poderá cursar un requirimento á Deputación da Coruña para que se axuste as condicións sinaladas no acordo. De non ser atendido o requirimento, o Concello de Santiago, procederá á resolver a cesión de uso e estará capacitado para esixir o valor dos detrimentos experimentados, actualizados ao momento no que se produza a resolución da cesión , ou o custo da súa rehabilitación, logo de taxación.

Transcorrido o prazo da cesión de uso, ou resolta está anticipadamente por outras causas, o Concello recuperará de forma automática e gratuíta a posesión completa do inmovible cedido con todas as súas pertenzas e accesións, é dicir con tódalas obras e melloras que o mesmo houbese experimentado. Esta reversión será automática, aínda que as partes poderán subscribir acta de entrega, ou no seu caso o Concello acta de toma de posesión.

8 COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para coordinar as actuacións derivadas da execución e aplicación do presente acordo e do contido obrigacional da Acta que se asinará, constituirase unha Comisión de Seguimento que será a que asumaa coordinación na execución e financiamento das obras formada por dous representantes do concello de Santiago e dous representantes da Deputación da Coruña que proporán aos órganos administrativos a adopción das resolucións que procedan previa a tramitación correspondente.

Os representantes serán designados pola persoa titular da Alcaldía de Santiago de Compostela e a Presidencia da Deputación da Coruña.



A presidencia da Comisión corresponderá a quen designen coordinadamente a Presidencia da Deputación da Coruña e a Alcaldía de Santiago de Compostela

A Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

- Realizar o seguimento técnico e económico da obra sen prexuízo das competencias que correspondan a cada organismo e, en particular aos respectivos órganos de contratación e fiscalización
- Impulsar e avaliar o cumprimento do clausulado da adscrición propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar as dúbidas que poidan presentarse na relación entre ambas as dúas administracións, como consecuencia da adscrición e a execución das obras de rehabilitación en concreto en cando á modificación da distribución das anualidades, así como do uso compartido.
- Esta Comisión reunirse as veces que se considere necesario, e en todo caso, cunha periodicidade trimestral.

Ás reunións desta Comisión poderán incorporarse, por acordo das partes, aquelas persoas técnicas cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento das súas funcións.

9 VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura e ata a acta de recepción das obras, sen perxuízo dos prazos e condicións referidas á cesión do inmovible establecidas no presente documento.

A estes efectos a Deputación e o Concello asinará a correspondente acta de finalización da cesión.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Acordo do Pleno da Deputación

número _____ de data ____ e Acordo do Pleno do Concello de Santiago de Compostela

número _____ de data _____.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de ABEGONDO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a Mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Abegondo polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **"Mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos)"** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Abegondo** polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de **"Mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos)"** cunha achega provincial de **70.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **69.62878 %** respecto dun orzamento de **100.533,14 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP-0105 ENTRE O BARRAL DE ARRIBA (COS) E O FONTAO (MEANGOS)"

Na Coruña, a ___ de _____ de 2023

Ante mín, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Abegondo**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas



MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Abegondo** considera de primeira necesidade as obras de **"Mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos)"**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“..Considérase a obra que se pretende realizar de interese público para a cidadanía en xeral e para os intereses peculiares da provincia, pois a obra redunda na mellora da seguridade viaria na zona, o que garante a seguridade dos peóns, que neste caso é dun elevado número, pois transitan peregrinos por esta zona. Esta vía forma parte do trazado do Camiño Inglés a Santiago de Compostela, logo dunha modificación dos trazados do Camiño de Santiago por parte da Xunta de Galicia.

Por este motivo, ademais das persoas residentes nas parroquias abegondesas de Cos e Meangos, transitan numerosos peregrinos con destino á cidade compostelá. Estes viandantes transitan con falta de seguridade, expoñéndose a un perigo real motivado pola inexistencia dunha senda peonil.

Así pois, ademais dunha necesidade real de interese público, fundaméntase o carácter cultural e social desta actuación, pois trátase dunha vía que forma parte do Camiño Inglés a Santiago de Compostela, de grande afluencia por parte de peregrinos con destino a Santiago, e deste xeito poténciase a posta en valor, a seguridade e a calidade dunha ruta cultural de grande recoñecemento como é o Camiño de Santiago”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Abegondo** ambas as dúas partes



ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Abegondo con CIF P1500100A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meango)”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico municipal D. José Rivera Vilar de febreiro de 2021

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	69.819,53 euros
Gastos xerais 13,00%	9.076,54 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.189,17 euros
IVE (21%)	17.447,90 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	100.533,14 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **70.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **69.62878** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.



2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **69.62878%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e **APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se



achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano **2023, ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do**



recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.



VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de



cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.



2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."



5.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CARRAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da seguridade peonil

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Carral** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da seguridade peonil e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Carral** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da **seguridade peonil** cunha achega provincial de **63.972,46** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **79,99999 %** respecto dun orzamento de **79.965,60 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL

Na Coruña, a ___ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña



E doutra parte o/a representante do **Concello de Carral**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o **Concello de Carral** considera de primeira necesidade as obras de **mellora da Seguridade Peonil**.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“La zona de actuación está situada dentro del ámbito geográfico del Ayuntamiento de Carral, en varios pasos de peatones de la N-550 en los núcleos de Tabeaio (3 pasos de peatones) y Carral (6 pasos de peatones).

El trazado de la N-550, sobre todo a su paso por el núcleo de Carral, es bastante sinuoso pasando los anchos de calle desde 7,50 m hasta 12,00 m.

Actualmente existen problemas graves de seguridad en dichos pasos de peatones básicamente por un motivo principal que es la falta de visibilidad.

Esta falta de visibilidad se produce por una iluminación inadecuada, por unas marcas viales y señales verticales desgastadas por el paso del tiempo y por unos vados peatonales que en ocasiones están invadidos por vehículos estacionados. Esta acumulación de problemas, ocasiona que se haya encargado la redacción de este proyecto de “MODIFICADO 2: MEJORA DE LA SEGURIDAD PEATONAL EN EL CONCELLO DE CARRAL”.

Servirá también esta intervención propuesta para mejorar las condiciones de los pasos de peatones a nivel de la accesibilidad universal ya que se colocarán baldosas podotáctiles y se mejorarán las pendientes de los vados incluso ampliando algunos.



Además, en otras vías del mismo núcleo de Carral se instalan reductores de velocidad en los pasos existentes en zona escolar o próximas al centro de salud. ”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Carral** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Carral** con CIF P1502100, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de MODIFICADO 2: Proyecto de mejora de la seguridad peatonal en el Concello de Carral (Sinatura dixital do 2022.10.18)”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto técnico D. Javier López Da Vila

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	55.535,52 euros
Gastos xerais 13,00%	7.219,62 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.332,13 euros
IVE (21%)	13.878,3 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	79.965,60 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na



cláusula anterior, cunha achega máxima de **63.972,46** euros o que representa unha porcentaxe de **79,99999 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,99999 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**



3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V,



mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións



(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.



2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de



convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitud un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación dun convenio de cooperación co concello de FISTERRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto "Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra (2º modificado)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Fisterra** para cofinanciar as obras de **Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra" 2º Modificado** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras do **Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra" 2º Modificado**, cunha achega provincial de **200.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/4312/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **38,97616 %** respecto dun orzamento de **513.134,13** euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FISTERRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO MERCADO CULTURAL" ADAPTACIÓN PARA CENTRO CULTURAL DA PLANTA ALTA



DO MERCADO MUNICIPAL DE FISTERRA” 2º MODIFICADO

Na Coruña, a __ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Fisterra**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Fisterra** considera de primeira necesidade as obras do **Mercado Cultural” Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra” 2º Modificado**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...“... que o Concello de Fisterra é un dos poucos concellos da provincia de A Coruña que non conta cunhas instalacións propias para desenvolver actividades e



manifestacións de promoción, dinamización, divulgación, ocio e lecer no eido da expresión cultural e artística, así coma outras actividades das que o conxunto da veciñanza de Fisterra puidera beneficiarse. Sendo o único da comarca da Costa da Morte que non dispón dun centro destas características.

Trátase dunha eiva histórica que, ao longo de décadas, vén condicionando a posta en marcha e desenvolvemento de programas de acción cultural, da promoción da cultura, artística, teatral, conferencias, etc, nomeadamente aquelas vinculadas coa forza simbólica que a transmisión oral e os costumes desta vila e Concello teñen en relación co mundo cultural mariñeiro galego e atlántico.

Cando Fisterra conta cunha importante tradición oral mariñeira. Unha rica escolma de creadores literarios e artísticos. Manifestacións do patrimonio cultural relixioso e da peregrinaxe como lugar do fin do camiño Xacobeo. Caracterizándose esta vila e Concello por unha profusa actividade cultural con implicación de toda a súa veciñanza, destacando festas xa asentadas coma o Entroido, o irmanamento do desembarco Pirata, ou a presenza de actos con premios noveis e referentes científicos mundiais. Moitos destes actos vense relegados ao seu desenvolvemento e celebración nun Salón de Plenos da Casa Consistorial, que nin está concibido para os mesmos, nin equipado co mínimo de medios técnicos necesarios, así como presentar un aforo moi reducido.

Fisterra necesita hoxe unhas instalacións modernizadas e o suficientemente dotadas para favorecer a participación e implicación da súa veciñanza e as e os seus visitantes en todo tipo de promoción de actividades culturais e da expresión artística, foros, debates, etc.

Dada a especial vinculación deste Concello co "universo" mariñeiro, e tendo en conta que na actualidade o propio Concello conta cun edificio destinado a mercado de abastos, basicamente de produtos do mar, de dúas plantas, e que se atopa infrautilizado, e con importantes problemas de conservación e mantemento, que precisan dunha urxente reparación e restauración, así coma dunha profunda modernización e renovación para facerse máis atractivo coma elemento fundamental para o desenvolvemento do tecido económico da vila, resulta preciso acometer unha necesaria intervención pola que se melloren e arranxen ditas instalacións, así coma unha nova reformulación na reordenación e optimización do seus espazos e usos..."

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Fisterra** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Fisterra con CIF P1503800C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das "obras de Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra" 2º Modificado", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira Nº COAG 1542 asinado o 28 de decembro de 2022



2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	356.367,89 euros
Gastos xerais 13,00%+ Beneficio Industrial 6,00 %	67.709,90 euros
_____ euros	
IVE (21%)	89.056,34 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	513.134,13 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **38.97616** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **38.97616** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/4312/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**



3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva



finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

7.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de OZA-CESURAS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do firme da estrada de acceso as parroquias de Cutián, Figueredo, Carrés e Probaos

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Oza-Cesuras** para cofinanciar as obras da **Mellora do firme da estrada de acceso as parroquias de Cutián, Figueredo, Carrés e Probaos** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Oza- Cesuras polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras da **Mellora do firme da estrada de acceso as parroquias de Cutián, Figueredo, Carrés e Probaos**, cunha achega provincial de **76.799,98** €uros con cargo a la **aplicación orzamentaria**



0112/4541/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00%** respecto dun orzamento de **95.999,98 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA MELLORA DO FIRME DA ESTRADA DE ACCESO AS PARROQUIAS DE CUTIÁN, FIGUEREDO, CARRÉS Y PROBAOS.

Na Coruña, a __ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do **Concello de Oza- Cesuras**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.



Neste sentido, o Concello de **Oza-Cesuras** considera de primeira necesidade as obras **da Mellora do firme da estrada de acceso as parroquias de Cutián, Figueredo, Carrés y Probaos**.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...dotar de beirarrúas un tramo de camiño pertencente á rede viaria municipal, que é necesario dotar inaprazablemente polo conseguinte perigo e prexuízo que lle ocasionan aos usuarios, tanto para os peóns coma para o tráfico de vehículos co fin de mellorar as condicións actuais da rede viaria municipal, a corporación municipal pretende a realización das obras incluídas no presente proxecto, co conseguinte beneficio para os veciños directamente afectados, e en xeral para o termo municipal tal e como se describe e valora o proxecto técnico cuxo financiamento se solicita, urxentísimas polo prexuízo que supón a carencia do servizo público esencial de infraestrutura viaria axeitada.”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Oza Cesuras** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Oza-Cesuras** con CIF P-1500029B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de **Mellora do firme da estrada de acceso as parroquias de Cutián, Figueredo, Carrés y Probaos**” tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola enxeñeira de camiños, D^a Ana López López N^o colexiado 34.305

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.



II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	66.671,28 euros
Gastos xerais 13,00%	8.667,27 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.000,28 euros
IVE (21%)	16.661,15 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	95.999,98 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **76.799,98 €** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/4541/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para



darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.



- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o



correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

8.- Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de TRAZO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Conservación camiños Alta e Baixa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Trazo** para cofinanciar as obras de **Conservación camiños Alta e Baixa** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Trazo polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **Conservación camiños Alta e Baixa** cunha achega provincial de **75224,75** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **61,75546 %** respecto dun orzamento de **121.810,68 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TRAZO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN CAMIÑOS ALTA E BAIXA



Na Coruña, a __ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Trazo**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Trazo** considera de primeira necesidade as obras de **Conservación camiños Alta e Baixa**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...Tendo en conta los máis de 600 kms de pistas que existen no Concello de



Trazo, Que a parroquia de Trazo, debido ó proceso de reordenación da propiedade ocasionada pola concentración parcelaria, orixinou un gran movemento de camiões de madeira de grande tonelaxe. Este movemento orixinou un gran deterioro dos accesos aos núcleos da Alta e Baixa de Trazo, sendo razóns de índole económico, social e ata humanitario as que fundamentan a necesidade de afrontar esta actuación, por problemas de acceso a maiores, de servizos de ambulancia, e das explotacións agrogandeiras existentes. b) Que a propia imprevisibilidade do deterioro, e o alcance do mesmo fixo imposible a súa inclusión no POS, así como a necesidade de afrontar outras necesidades igual de urxentes que si foron incluídas. Que ó Concello lle resulta imposible economicamente afrontar a totalidade da obra...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Trazo** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Trazo con CIF P1508700J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “*obras de Conservación camiños Alta e Baixa de Trazo*”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Óscar Sanmartín Abad Colexiado nº 22.570 en Febreiro de 2023

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	84.596,62 euros
Gastos xerais 13,00%	10.997,56 euros



Beneficio Industrial 6,00 %	5.075,80 euros
IVE (21%)	21.140,70 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	121.810,68 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **75.224,75** euros o que representa unha porcentaxe de **61,75546** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **61,75546** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do



contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano **2023, ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta**



subvención.

- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**



2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que



poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e



ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."



9.- Aprobación do expediente de contratación da subministración de vehículos con destino ao Parque Móbil da Deputación provincial da Coruña, mediante arrendamento con mantemento ("renting")

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- 1 Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 30/03/2023 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Oficial Maior con data 29/03/2023, para contratar a subministración de vehículos con destino ao Parque Móbil da Deputación provincial da Coruña, nas seguintes condicións:

1.1 Información do contrato

1.1.1 Tipo de contrato: subministración

1.1.2 Procedemento: aberto con pluralidade de criterios

1.2 Orzamento:

Concepto	Presuposto sen IVE	IVE	Presuposto IVE incluído
Renting 8 vehículos, 48 meses	358.611,57	75.308,43	433.920,00
7 vehículos provisionais, 5 meses	23.140,50	4.859,50	28.000,00
Total	381.752,07	80.167,93	461.920,00

1.3 Valor estimado: 404.165,29 euros

1.4 Duración do contrato: A duración do contrato de renting é de catro anos desde a formalización da acta de entrega dos vehículos novos, que deberá realizarse no prazo máximo de seis meses desde o día seguinte á formalización do contrato.

Os vehículos provisionais deberán entregarse no prazo dun mes desde o día seguinte á formalización do contrato, polo que a duración máxima desta prestación é de cinco meses.

En consecuencia, a duración do contrato é de 54 meses desde o día seguinte á formalización do contrato: 1 mes para a entrega dos vehículos provisionais, 5 meses para a utilización dos vehículos provisionais e 48 meses para o renting dos vehículos novos

1.5 Prazo de entrega: O prazo de entrega dos vehículos é de seis meses dende o día seguinte á data de formalización do contrato en documento administrativo. Entre tanto, está prevista a entrega provisional de vehículos usados durante os cinco meses anteriores á entrega dos vehículos novos.



1.6 Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0115/92013/204 do seguinte modo:

Concepto	anualidade	Nº operación	presuposto mensual	imputación
7 vehículos provisionais, 5 meses	2023 (5 meses)	RC 220230010104	5.600,00	28.000,00
Renting 8 vehículos, 48 meses	2023 (1 mes)	RC 220230010106	9.040,00	9.040,00
	2024 (12 meses)	RCP 220239000064	9.040,00	108.480,00
	2025 (12 meses)		9.040,00	108.480,00
	2026 (12 meses)		9.040,00	108.480,00
	2027 (11 meses)		9.040,00	99.440,00
total				461.920,00

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, financiarase segundo o disposto no art. 174 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

- 2 Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto cunha pluralidade de criterios de adxudicación, todos eles de avaliación automática, suxeito a regulación harmonizada.
- 3 Facultar ao Presidente para ditar os actos administrativos que procedan na tramitación do presente contrato, en especial, requirimentos e adxudicación do contrato.

10.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de Santiago de Compostela, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle /tramo 1(T.M. de Santiago de Compostela) - "Vía Verde_Santiago. Tramo 1"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos 30 deputados/as presentes e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a



realización das obras recollidas no proxecto ACONDICIONAMENTO DO TRAZADO DE FERROCARRIL EN DESUSO SANTIAGO DE COMPOSTELA-CERCEDA PARA USO COMO VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE / TRAMO 1 (T.M. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA) - "VÍA VERDE_SANTIAGO. TRAMO 1, proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, propónse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE_SANTIAGO. TRAMO 1, entre a antiga estación FFCC de A Sionlla de Abaixo e un camiño veciñal situado entre os túneles 2 e 3, no PK 2+165, proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

TIPO DE CUSTO	IMPORTE	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	% ACHEGA	CONCELLO DE SANTIAGO	% ACHEGA
Execución da obra	796.766,58€	497.979,11 €	62,50%	298.787,47 €	37,50%
Dirección da obra	19.919,17 €	19.919,17 €	100%	---	---
Seguridade e Saúde	4.537,46 €	4.537,46 €	100%	---	---
Control de calidade	5.533,49 €	5.533,49 €	100%	---	---
TOTAIS	826.756,70 €	527.969,23 €	63,86%	298.787,47 €	36,14%

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE ACONDICIONAMENTO DO TRAZADO DE FERROCARRIL EN DESUSO SANTIAGO DE COMPOSTELA-CERCEDA PARA USO COMO VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE / TRAMO 1 (T.M. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA) - "VÍA VERDE_SANTIAGO. TRAMO 1"

A Coruña, de do 2023

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña
 D., en representación do Concello de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento



EXPOÑEN

1. Desde 1993, antigos trazados ferroviarios en desuso están a ser acondicionados para ser percorridos por viaxeiros diferentes aos que os transitaron en tren: cicloturistas, camiñantes e persoas con mobilidade reducida. Estas actuacións encádranse no chamado “Programa Vías Verdes”, desenvolvido no seu inicio polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente e actualmente promovido por moitas entidades locais e, na actualidade, promovidas activamente pola Fundación de los Ferrocarriles Españoles. As actuacións incluídas nas Vías Verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa sociedade unha cultura nova do lecer e do deporte ao aire libre, da mobilidade non motorizada. Representan un claro apoio á cultura da bicicleta, ao xeneralizar o seu uso entre todos os cidadáns, desempeñando un importante papel educativo, en especial para os máis novos.

2. O Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña.

3. O concello de Santiago de Compostela aprobou o proxecto “Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 1 (t.m.de Santiago de Compostela). Entre a antiga estación FFCC de A Sionlla de Abaixo e un camiño veciñal situado entre os túneles 2 e 3, no PK 2+165”, en adiante, “Vía Verde_Santiago. Tramo 1”, redactado pola Fundación de los Ferrocarriles Españoles, por un importe de 796.766,58 €, o cal recolle o detalle das obras necesarias para realizar o citado proxecto, por acordo da súa Xunta de Goberno de 13 de febreiro de 2023.

Visto o anterior, considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a “encomenda de xestión” entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo “Vía Verde_Santiago. Tramo 1.”, que afectan ao término municipal do concello de Santiago de Compostela.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela con suxeición as seguintes **CLÁUSULAS**:

PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Santiago de Compostela a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas no proxecto “Vía verde_Santiago. Tramo 1”, e que afectan a esta área municipal, documento que contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica.

SEGUNDA. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

1. O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase nuns SETECENTOS NOVENTA E SEIS MIL SETECENTOS SESENTA E SEIS CON CINCUENTA E OITO EUROS (796.766,58€) IVE incluído, e que corresponden ao Tramo 1 no cal se inclúen as actuacións a realizar no Concello de Santiago de Compostela.



2. O prazo de execución dos traballos é de seis (6) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia, e que afectan ao termo municipal de Santiago de Compostela, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

3. Os custos derivados especificamente da execución da obra que se indican a continuación serán asumidos directamente pola deputación da Coruña, sendo calculados sobre o orzamento de execución material, que é de 553.348,56 €:

- Contrato de dirección de obra: 2,975 %
- Contrato de seguridade e saúde: 0,82 % IVE incluído
- Contrato de control de calidade: 1% IVE incluído

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O importe total do proxecto, mencionado na cláusula segunda apartado 1º, será cuberto coas seguintes achegas máximas:

- a) Deputación da Coruña: 497.979,11 € (62,50 %)
- b) Concello de Santiago de Compostela: 298.787,47 € (37,50 %)

No caso de que o gasto finalmente realizado non acadase o importe total inicialmente previsto, tanto a Deputación como o Concello só achegarán o importe que corresponda a súa porcentaxe de financiamento.

Serán asumidos pola Deputación da Coruña os custos asociados á dirección de obra, seguridade e saúde e control de calidade.

O detalle dos custos totais da execución da obra son os seguintes:

TIPO DE CUSTO	IMPORTE	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	% ACHEGA	CONCELLO DE SANTIAGO	% ACHEGA
Execución da obra	796.766,58€	497.979,11 €	62,50 %	298.787,47 €	37,50 %
Dirección de obra	19.919,17 €	19.919,17 €	100 %	---	---
Seguridade e Saúde	4.537,46 €	4.537,46 €	100 %	---	---
Control de calidade	5.533,49 €	5.533,49 €	100 %	---	---
TOTAIS	826.756,68 €	527.969,21 €	63,86 %	298.787,47 €	36,14 %

Os gastos derivados da seguridade e saúde e control de calidade, por 10.070,95€, imputaranse aos contratos vixentes da Deputación para as ditas prestacións.

En canto á execución da obra e a dirección de obra por importe total de 816.685,75€, imputarase á aplicación orzamentaria 0520/4545/650.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Santiago de Compostela, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo "Vía Verde_Santiago.Tramo 1" e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo,



asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal, cando así sexa requirida pola Deputación da Coruña.

2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “Vía Verde_Santiago.Tramo 1”.

3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Santiago de Compostela, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Santiago de Compostela.

4. Unha vez recibida a certificación de pagos realizados pola Deputación para a execución material da obra, transferir á deputación da Coruña o importe que resulte de aplicar a porcentaxe de financiación correspondente ao importe certificado.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. O proxecto construtivo “Vía Verde_Santiago. Tramo 1”, contempla as obras previstas no proxecto de obra ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan Director de Mobilidade Ciclista da deputación da Coruña.

2. Imputar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Santiago de Compostela, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo, á aplicación orzamentaria provincial 0520/4545/650.

3. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Santiago de Compostela a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Santiago de Compostela, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Santiago de Compostela, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

5. Remitir ao Concello de Santiago de Compostela certificación dos pagos realizados na execución material da obra.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Santiago de Compostela e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos



- técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula quinta.

SÉTIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

OITAVA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

NOVENA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.



DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A súa vixencia manterase ata a entrega das obras ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. Inicialmente establécese un prazo de vixencia de 12 meses. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula sexta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por duplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña
Asdo.

Polo Concello de Santiago de Compostela
Asdo."

Sr. Presidente

Moi ben, pois moitísimas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:51 horas.